

mento da Administración xeral do Estado, queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo segunda. *Sociedades mercantís estatais.*

1. As sociedades mercantís estatais rexeranse integramente, calquera que sexa a súa forma xurídica, polo ordenamento xurídico privado, salvo nas materias en que lles sexan de aplicación a normativa orzamentaria, contable, patrimonial, de control financeiro e contratación. En ningún caso poderán dispor de facultades que impliquen o exercicio de autoridade pública.

2. As sociedades mercantís estatais, con forma de sociedade anónima, cun capital que sexa na súa totalidade de titularidade, directa ou indirecta, da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, rexeranse polo título VII da Lei do patrimonio das administracións públicas e polo ordenamento xurídico privado, salvo nas materias en que lles sexan de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de control financeiro e de contratación.»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

1. As seguintes disposicións desta lei dícense ó abeiro do artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución, e son de aplicación xeral o artigo 43 e o artigo 110, número 3.

2. As seguintes disposicións desta lei dícense ó abeiro do artigo 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución, e son de aplicación xeral, sen prexuízo do disposto nos dereitos civís forais ou especiais, alí onde existan: artigo 4; artigo 5, números 1, 2 e 4; artigo 7, número 1; artigo 15; artigo 17; artigo 18; artigo 20, números 2 e 3; artigo 22; artigo 23; artigo 30, números 1 e 2; artigo 37, números 1, 2 e 3; artigo 38, números 1 e 2; artigo 39; artigo 40; artigo 49; artigo 53; artigo 83, número 1; artigo 97; artigo 98; e artigo 99, número 1.

3. A disposición adicional terceira desta lei dicitase ó abeiro da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución sobre o «réxime económico da Seguridade Social», e é de aplicación xeral.

4. Os números 1, 2 e 3 do artigo 24 desta lei dicitase ó abeiro da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución sobre a «lexislación de expropiación forzosa», e é de aplicación xeral.

5. Teñen o carácter de lexislación básica, de acordo co preceptuado no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, as seguintes disposicións desta lei: artigo 1; artigo 2; artigo 3; artigo 6; artigo 8, número 1; artigo 27; artigo 28; artigo 29, número 2; artigo 32, números 1 e 4; artigo 36, número 1; artigo 41; artigo 42; artigo 44; artigo 45; artigo 50; artigo 55; artigo 58; artigo 61; artigo 62; artigo 84; artigo 91, número 4; artigo 92, números 1, 2 e 4; artigo 93, números 1, 2, 3 e 4; artigo 94; artigo 97; artigo 98; artigo 100; artigo 101, números 1, 3 e 4; artigo 102, números 2 e 3; artigo 103, números 1 e 3; artigo 106, número 1; artigo 107, número 1; artigo 109, número 3; artigo 121, número 4; artigo 183; artigo 184; artigo 189; artigo 190; artigo 191; disposición transitoria primeira, número 1; disposición transitoria quinta.

Disposición derradeira terceira. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que se promulguen en desenvolvemento desta lei poderán ter carácter de básicas cando constitúan o complemento necesario de artigos que teñan atribuído tal carácter conforme o establecido na disposición derradeira segunda desta lei e así se sinale na propia norma de desenvolvemento.

Disposición derradeira cuarta. *Competencias de xestión dos bens de dominio público.*

1. Os departamentos ministeriais e organismos públicos a que corresponda a xestión e administración do dominio público estatal de estradas, ferrocarrís, aeroportos, portos, montes, augas, minas, zona marítimo-terrestre, dominio público radioeléctrico e demais propiedades administrativas especiais, exercerán as competencias establecidas na súa lexislación específica.

2. Cando a administración e xestión dos bens a que se refire o punto anterior estivese atribuída a unha entidade pública empresarial que tivese atribuídas facultades para o seu alleamento, ou ós organismos públicos Portos do Estado e autoridades portuarias, a súa desafectación deberáselle comunicar ó director xeral do Patrimonio do Estado.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. O Consello de Ministros poderá dictar as normas regulamentarias e disposicións de carácter xeral necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei. De igual forma, por real decreto regularanse as especialidades do réxime xurídico patrimonial dos bens informáticos.

2. Autorízase o ministro de Facenda para regular os procedementos e sistemas que permitan a aplicación de medios electrónicos, informáticos e telemáticos á xestión patrimonial e á protección e defensa do patrimonio do Estado.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**20255** *CORRECCIÓN de erros da Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.* («BOE» 264, do 4-11-2003.)

Advertidos erros e erratas na Lei 25/2003, do 15 de xullo, pola que se aproba a modificación do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 10 en lingua galega, do 1 de agosto de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1822, segunda columna, no artigo 65.2.a), onde di:

$$\left\langle H = \frac{RR_N}{1-b} \text{ se } \frac{RR_N}{RR_{TC}} \geq \frac{b}{1-b} \right\rangle,$$

debe dicir:

$$\left\langle H = \frac{RR_{TC}}{1-b} \text{ se } \frac{RR_N}{RR_{TC}} \geq \frac{b}{1-b} \right\rangle.$$

Na páxina 1823, primeira columna, no artigo 65.2.c), onde di:

$$\left\langle H = \frac{RR_{TC}}{b''} \text{ se } \frac{RR_N}{RR_{TC}} \geq \frac{b''}{1 - b''} \right\rangle,$$

debe dicir:

$$\left\langle H = \frac{RR_N}{b''} \text{ se } \frac{RR_N}{RR_{TC}} \leq \frac{b''}{1 - b''} \right\rangle.$$

Na páxina 1826, no anexo I «Determinación da achega de Navarra do ano base 2000», na columna «Miles de pesetas», onde di: «111.969.209», debe dicir: «—111.969.209».

**20330** *LEI 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.* («BOE» 265, do 5-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren a a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

A actividade aseguradora privada veu experimentando unha intensa transformación reflectida nas disposicións legais e regulamentarias aprobadas nos últimos anos, que tiveron por obxecto incorporalo dereito comunitario de seguros, moderniza-lo sector en liña de converxencia cos demais Estados membros do Espacio Económico Europeo e, como última xustificación, fomenta-lo desenvolvemento e a expansión do mercado dos seguros privados.

Esta lei ten por finalidade continuar con ese proceso de cambio lexislativo impulsado nesta, coma en ocasións anteriores, pola normativa comunitaria.

As modificacións que agora se introducen xorden da necesidade de adapta-la Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, ás novas directivas comunitarias aprobadas no ámbito do sector de seguros: a Directiva 2001/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, relativa ó saneamento e á liquidación das compañías de seguros; a Directiva 2002/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de marzo de 2002, pola que se modifica a Directiva 73/239/CEE do Consello no que respecta ós requisitos da marxe de solvencia das empresas de seguros distintos do seguro de vida, e finalmente, a Directiva 2002/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, sobre o seguro de vida.

Esta última directiva refunde a normativa comunitaria sobre o seguro de vida, incluída a Directiva 2002/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de marzo de 2002, pola que se modifica a Directiva 79/267/CEE do Consello no que respecta ós requisitos da marxe de solvencia das empresas de seguros de vida.

Por outra parte, a Directiva 2002/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2002, relativa á comercialización a distancia de servizos financeiros destinados ós consumidores e pola que se modifican a Directiva 90/619/CEE do Consello

e as Directivas 97/7/CE e 98/27/CE, introduce unha modificación na Directiva 90/619/CEE do Consello, do 8 de novembro de 1990, sobre a coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ó seguro directo de vida (Segunda directiva de seguros de vida).

### II

A incorporación ó ordenamento xurídico español do contido da Directiva 2001/17/CE, do 19 de marzo de 2001, relativa ó saneamento e á liquidación das compañías de seguros, supón a modificación da normativa que dentro daquel se destina a regula-la liquidación das entidades aseguradoras, así como determinados aspectos das medidas de control especial que respecto a tales entidades se poden adoptar.

A directiva ten por finalidade establecer normas coordinadas a escala comunitaria, tanto para os procedementos de liquidación como para as medidas de saneamento, con obxecto de conseguir un correcto funcionamento do mercado interior ó mesmo tempo que melloira a protección dos acredores. Garántese así o recoñecemento mutuo das medidas de saneamento e as normas en materia de liquidación adoptadas polos Estados membros, ó tempo que se asegura a cooperación necesaria entre estes Estados, sen que con isto se pretenda harmoniza-la lexislación nacional aplicable a tales medidas e procedementos.

Neste sentido vén complementa-las directivas de seguros existentes nas que, se ben se prevé unha autorización administrativa única de alcance comunitario, non se inclúen normas de coordinación en caso de adopción de procedementos de liquidación ou de medidas de saneamento respecto a entidades de seguros. Debe observarse, como a propia directiva sinala, que as entidades de seguros están excluídas explicitamente, como igualmente ocorre con outras institucións financeiras, do ámbito de aplicación do Regulamento (CE) 1346/2000, do Consello, do 29 de maio de 2000, sobre os procedementos de insolvencia.

Finalmente, hai que sinalar que o ámbito territorial de aplicación das disposicións da directiva abrangue todo o Espacio Económico Europeo, conforme a Decisión do Comité Mixto do Espacio Económico Europeo, do 6 de decembro de 2002, polo que se modifica o anexo IX do Acordo do Espacio Económico Europeo.

### III

A Directiva 2002/12/CE (actualmente derogada e o contido da cal foi incorporado á Directiva 2002/83/CE) e a Directiva 2002/13/CE modificaron os requisitos da marxe de solvencia das empresas de seguros de vida e de seguros distintos do de vida, respectivamente.

O seu obxectivo é reforza-las garantías para os asegurados mediante o fortalecemento dos requirimentos de marxe de solvencia. Os requirimentos actuais de solvencia, baseados nuns principios simples e dotados de gran transparencia, presentaron certas debilidades en casos específicos, en particular en relación con aqueles aspectos sensibles desde o punto de vista do risco. Como consecuencia disto xurdiu a necesidade de reformular certos aspectos; desta reconsideración derivan as directivas que agora se traspoñen.

Polo que se refire á incorporación ó ordenamento xurídico español do seu contido, resulta necesaria a modificación da normativa actualmente vixente en relación coas esixencias e requisitos de solvencia das entidades aseguradoras; en concreto, a regulación do fondo de garantía, tanto no que fai ó incremento do seu importe como á súa actualización periódica e automática, e ás